

BASES DO CONCURSO



1. PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles nenos/as interesados/as en idade escolar, ata 18 anos (inclusive).

2. TEMA.

O tema da postal terá que tratar sobre calquera aspecto relativo o Nadal.

3. TÉCNICA

A técnica é libre, podéndose utilizar pinturas, témperas, rotuladores, ceras, acuarelas, goma espuma, cintas, botóns, etc, quedando prohibido os deseños dixitais e impresos de calquera tipo.

4. SOPORTE

O tamaño das obras serán en **DIN- A5 (14.85 x 21cm)** e sen dobrar, sendo o formato vertical ou horizontal. O material de soporte pode ser papel, cartulina, cartón, etc.

5. DATA DE ENTREGA

Os traballos serán entregados nas oficinas do Concello de Begonte, ou na Casa da Cultura antes do **8 de Decembro do 2014**.

6. REQUISITOS

Os traballos deberán ser obras orixinais, e que non fosen presentados en ningún outro concurso con anterioridade.

O/A participante entregará o traballo nun sobre pechado. No exterior do sobre indícarase "III Concurso de Postais 2014" e a categoría na que participa. No interior xunto coa postal incluírase a ficha de inscrición e a autorización asinada polo pai/nai ou titor.

7. CATEGORIAS

Establécense 4 categorías:

A- De 3 a 6 anos

B- De 7 a 10 anos

C- De 11 a 14 anos

D- De 15 a 18 anos

8. XURADO DE VALORACIÓN

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os traballos premiados estará constituída por un/unha representante de cada un dos grupos políticos da corporación municipal, a Técnica en Animación Sociocultural e un asesor relacionado coas artes plásticas.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

O xurado á hora de valorar terá en conta os seguintes criterios:

- * Orixinalidade da idea.
- * Adaptación da técnica á idade do autor.
- * Calidade técnica do traballo.

10. FALLO DO XURADO

O xurado, constituído ao efecto, elexirá tres traballos por cada categoría para Primeiro Premio, Segundo Premio e Terceiro Premio.

O fallo do xurado será inapelable, unha vez fallado o concurso farase público a través da web do Concello e notificarase aos gañadores.

11. PREMIOS

Os premios consistirán nun diploma e un vale canxeable por material didáctico valorado nos seguintes importes:

| Categoría | 1º Premio | 2º Premio | 3º Premio |
|-----------------|-----------|-----------|-----------|
| De 3 a 6 anos | 60€ | 40€ | 30€ |
| De 7 a 10 anos | 60€ | 40€ | 30€ |
| De 11 a 14 anos | 60€ | 40€ | 30€ |
| De 15 a 18 anos | 60€ | 40€ | 30€ |

De entre as postais premiadas seleccionarase unha para que sirva como felicitación navideña municipal; neste caso a postal seleccionada só poderá ser utilizada polo Concello.

O acto de entrega dos premios terá lugar na Casa de Cultura de Begonte, nun acto que previamente se anunciará.

Os traballos presentados no Concurso expoñeranse nas dependencias da Casa da Cultura entre o 13 de Decembro 2014 e o 13 de Xaneiro do 2015

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que poderán ser interpretadas polo Xurado avaliador naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

13. CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Concello de Begonte adquire os dereitos de reprodución, explotación e exposición das obras que se presentan. Non obstante, comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do interesado.

Os traballos poderán ser retirados no Concello a partir do 3 de Febreiro de 2015.